

Edición xeral

A NOVELA TEN COMO CONTEXTO O CONFLITO VASCO

Marilar Aleixandre resultou finalista no Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil

A última novela de [Marilar Aleixandre](#), [Rúa Carbón](#) foi declarada este martes finalista do [Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil](#) que outorga o [Ministerio de Cultura](#). O libro achega os máis novos á historia dunha rapaza que coñece a verdadeira historia dos seus pais ao tempo que pasa unhas vacacións no País Vasco e está publicado dentro da colección [Fóra de Xogo](#), en [Xerais](#).

- 15:51 18/10/2006

Rúa Carbón é unha novela protagonizada por unha rapaza que, a piques de cumprir dezasete anos, descubre que o seu pai biolóxico foi, coma a súa nai, militante de ETA político-militar e morreu, antes que ela nacera, cando colocaba un coche bomba. O desvelamento deste segredo e as vacacións que pasará en Euskadi na casa de dúas das súas avoas Edurne e Nekane provocarán na vida de Paula unha conmoción tremenda e un nó moi difícil de desenovelar, afirma a autora.

Nesta súa última obra, Marilar Aleixandre propón a procura do pai como eixo do problemático tránsito dunha adolescente á madurez. A autora pretendeu empregar o conflito político vasco como contexto para afondar na procura complexa das identidades individuais e colectivas. Editada en setembro de 2005, foi xa reeditada e será proximamente publicada en catalán e castelán. Esta é a primeira ocasión na que o xurado inclúe na acta das súas deliberacións o título da obra finalista. O libro que resultou gañador do certame foi *Cielo Abajo*, de Fernando Marías Amondo.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) vive en Galiza dende 1973 e é doutora en Bioloxía e catedrática de Ciencias Naturais de Ensino Medio. Ademais, exerce como profesora de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. Colaboradora das revistas *Nó*, *Luzes de Galiza* e *Festa da palabra silenciada*, como narradora ten publicado *A formiga coxa*; *A expedición do Pacífico*, Premio Merlín e Premio da Crítica á creación literaria en galego en 1995, sendo a primeira vez que recae nun libro xuvenil e nunha muller, así como *O trasno de Alqueidón*, Premio Rañolas 1996 ao mellor libro infantil do ano.

Ademais, a autora deu ao prelo *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, Premio Álvaro Cunqueiro; *Desaforados muños*; premio Manuel Murguía, *A banda sen futuro*, premios Lazarillo e Lecturas Galix 2001; *Unha presa de terra*, Premio La Voz de Galicia de novelas por entregas; *Teoría do caos*, Premio Xerais; e *Paxaros de papel*, álbum en colaboración con Lázaro Enríquez, entre outros títulos.

O Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil trouxoo Paco Martín para Galiza no 1986 con *As cousas de Ramón Lamote*, en 1995 *Cando petan na porta pola noite*, de Xavier Puente Docampo tamén resultou

galardoado e no 1996 o premio foi para Fina Casalderrey con *Os misterios dos fillos de Lúa*[em+]. O ano pasado gañou *El Bosque de los sueños*, de Antonio Rodríguez Almodóvar.